

Roig Rechou, Blanca-Ana (Coord.) (2015). *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. ISBN: 978-84-9914-845-8. 503 páxinas.

A través destas cincocentas páxinas, escritas por oito investigadoras de recoñecido prestixio no campo da Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) galega, Eulalia Agrelo Costas, Pilar Bendoiro Mariño, Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferrera Boo, Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez, Blanca-Ana Roig Rechou e Isabel Soto, a produción literaria infantil e xuvenil galega é analizada con precisión, claridade e acerto. No seu prólogo, Blanca-Ana Roig Rechou, coordinadora e tamén redactora da obra, dá conta, dun modo esclarecedor, digno das páxinas que o seguen, das intencións das autoras: “*Para abordar o percorrido histórico sobre o xeito de se ir constituíndo o sistema literario infantil e xuvenil, iniciamos cada un dos capítulos bosquejando uns contextos e reflexionando sobre os factores presistémicos e sistémicos para, a seguir, realizarmos a análise das obras de cada un dos xéneros literarios canónicos e das modalidades literarias consideradas máis do gusto dos lectores novos*”.

Como acabamos de ver, é a arte de ler, extractar, entender, resumir, estruturar, compendiar, analizar, situar e dar sentido, interpretación e coherencia adecuados a como se foron sucedendo os acontecementos literarios da LIX galega, dende os seus comezos ata a actualidade, o desexo que subxace na elaboración desta obra práctica, didáctica e de utilidade inmediata para todo aquel que desexe mergullarse na LIX galega.

A través da súa periodización cronolóxica, claves temáticas, autores e obras máis importantes dos distintos xéneros, estas oito investigadoras ofrécennos un interesante estudo global que abrangue desde a etapa que elas chaman “Da Idade Media ao século XX”, isto é, os momentos iniciais desta literatura nos cales o mundo do neno non gozaba de autonomía e independencia, e por iso non se pode falar con propiedade de obras escritas para eles, senón que hai que botar man da oralidade (contos, folclore, poesías, relatos míticos, etc.) e as súas moi posteriores compilacións en forma de libro. A continuación, as autoras falan dunha unidade xeracional que abrangue algunhas personalidades nadas antes de 1945 e dedicadas á literatura para adultos, pero que asentaron parte da súa produción na LIX no momento de esta iniciarse e apostaron por este sistema con maior ou menor dedicación. A seguir analizan os fenómenos que deron lugar á orixe da LIX propiamente dita, que ten lugar coa xeración que denominan simbolicamente “Xeración do 68”, pola súa relación coas revoltas estudantis e a toma de consciencia da necesidade de movementos de renovación pedagóxica. É neste momento cando se formaliza a educación en galego e xorde por primeira vez a lexislación que obriga ao seu ensino obrigatorio, o que dá lugar a que distintas editoriais foráneas se instalen en Galicia e nazan outras de selo propio, que sentará as bases da etapa seguinte, “Xeración dos 90”, momento no que a produción literaria se consolida, tanto pola abertura de novos camiños temáticos e formais como polo número de obras que se publican. Esta xeración dará paso á seguinte, que as autoras denominan de xeito atinado “Xeración Google”, dada a revolución que supoñen no século XXI as novas tecnoloxías, que non só son un soporte de busca de coñecementos senón un modo de concibir o mundo.

En canto á xéneros, *A Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega* analiza non só a produción narrativa senón tamén a poesía, o teatro, a banda deseñada e as achegas no eido da tradución e a investigación e crítica literaria, así como os momentos claves da LIX coa obtención por partes dos nosos escritores e escritoras de premios e recoñecementos de gran valía internacional, referenciando así non só o acontecido diacronicamente, senón o momento no que as cousas foron acontecendo e as circunstancias que as fixeron posible, porque saber dar continuidade narrativa a unha información non só é rexistrar a noticia, a sucesión de datos parágrafo

tras parágrafo, senón atinar a darlle unha intención e unha interpretación adecuadas. Nese sentido, este indispensable manual ofrece esa reflexión *a posteriori*, na historia da LIX galega por primeira vez, que ensancha a mirada do devir temporal cumprindo así a norma básica de todo manual diacrónico: non só dar conta da sistemática e exhaustiva produción dun grupo nutrido de escritores e escritoras que conforman o *corpus*, senón tamén achegar as claves que o fixeron posible. Sen dúbida, unha extraordinaria guía académica para estudantes, profesores, mediadores e profesionais de variados campos que desexen afondar na LIX como vehículo para formarse na escola da sensibilidade, a intelixencia, o idioma, a afectividade e o espírito crítico.

Ánxela Gracián
Universidade de Santiago de Compostela